



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E O CONCELLO DE RIÓS PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA INTEGRAL DE ENVELLECIMENTO ACTIVO E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA O EXERCICIO 2023.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Xuventude é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas maiores, conforme ao Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

Que con carácter específico, corresponden, entre outras, á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social e Xuventude en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, entre elas, a ordenación, a planificación, a innovación estratéxica dos recursos sociosanitarios e a coordinación e a avaliación da súa actividade asistencial. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores e persoas con discapacidade na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, os concellos de Galicia poden crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

A Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte Consellería de Política Social e Xuventude do programa integral de envellecemento activo e prevención da dependencia que o Concello de Riós ten previsto desenvolver durante o ano 2023, co obxectivo de fomentar a vida activa e saudable, así como previr a dependencia das persoas maiores mellorando a súa autonomía e calidade de vida.

As actividades constitutivas do programa obxecto da concesión da subvención proxéctanse sobre dúas áreas específicas:





1. Área de mellora das actividades básicas e instrumentais da vida diaria.

As actividades desenvoltas nesta área pretenden promover a través de diferentes obradoiros a adquisición de hábitos e rutinas saudables entre as persoas maiores mediante unha intervención socio-educativa que contribúa a mellorar a súa calidade de vida.

Traballaranse temas como a importancia dunha boa alimentación, os beneficios da práctica do exercicio físico, nocións básicas de primeiros auxilios, prevención de enfermidades, o sono, hábitos hixiénicos, bo uso dos medicamentos, benestar psicolóxico, ansiedade e estrés

Levaranse a cabo actividades coas que se pretende ensinar ás persoas usuarias coñecementos e destrezas que lles permitan un achegamento ás novas tecnoloxías (manexo do teléfono móbil, trámites online, tablets, internet...) así como a realización das xestións administrativas básicas (relacións coa administración, cos bancos...).

Traballarase así mesmo temas relacionados co mantemento do fogar, pequenas reparacións domésticas, manexo de electrodomésticos, prevención de accidentes no fogar, mellora da propia seguridade ante roubos e fraudes...

As actividades encadradas nesta área serán desenvoltas a xornada completa por dous/dúas auxiliares con certificado de profesionalidade en atención sociosanitaria ou titulación equivalente, que serán directamente contratados polo concello. ,

2. Área de ocio terapéutico e socialización.

Nesta área as actividades desenvolveranse a través de tres obradoiros:

a) Obradoiros de promoción da actividade física, benestar e alivio emocional, co obxectivo de favorecer a autonomía das persoas, mellorar e fortalecer o seu benestar físico e emocional e potenciar un envellecemento activo e satisfactorio. Levaranse a cabo actividades como expresión corporal, psicomotricidade, ioga ou outras actividades tales como risoterapia, relaxación, mindfulness, xardinería, etc.

b) Obradoiros de habilidades e creatividade, co obxectivo de potenciar o desenvolvemento persoal a través da creatividade, favorecer a actividade psicofísica e promover o establecemento de relacións sociais e interxeracionais. Realizaranse actividades de adestramento de destrezas de psicomotricidade, de comunicación verbal e relacional, o manexo e utilización de diversos materiais e ferramentas a través da realización de manualidades, artes plásticas ou artesanía tradicional.

c) Obradoiros de estimulación cognitiva a través do desenvolvemento de programas e prácticas de adestramento da memoria e outras funcións cognitivas superiores (linguaxe, cineforum, contos terapéuticos, lectura, orientación, atención, concentración, cálculo,...)

Cada obradoiro terá asignadas un total de 15 prazas. As persoas destinatarias que o soliciten, poderán ser beneficiarias en un ou máis obradoiro ata cubrir a totalidade das prazas, atendendo á data da solicitude. De ser o caso, crearase unha lista de agarda.

O programa desenvolverase durante o ano 2023, de luns a venres en horario de 9:00h. da mañá ás 18:00h. da tarde.





A planificación dos horarios nos que se levarán a cabo os distintos obradoiros atenderá á demanda e preferencias das persoas solicitantes así como ás súas características físico-cognitivas:

As actuacións relativas á área de mellora das actividades básicas e instrumentais da vida diaria desenvolveranse tanto en horario de mañá como de tarde, mentres que as relativas á área de ocio terapéutico e socialización desenvolveranse preferentemente en horario de tarde.

Todos os obradoiros terán lugar nas instalacións do Centro de Día do Concello de Riós.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará a contía de **setenta mil (70,000,00 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **13.05.312E.460.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023. Este financiamento terá vixencia dende o momento da sinatura do convenio e ata o 31 de decembro de 2023, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023.

O carácter singular que motiva a concesión directa dunha subvención a través do presente convenio en base ás razóns que acreditan o interese social do programa a subvencionar, radica na análise das circunstancias demográficas do Concello de Riós, da cobertura de servizos sociais públicos actuais e da estimación da poboación maior e da poboación en situación de vulnerabilidade que demandará nos vindeiros anos un servizo asistencial

O dito concello, sito en zona de alta montaña na provincia de Ourense, conta actualmente cunha poboación de 1423 habitantes distribuídos en 35 núcleos de poboación ao longo dos seus 112 Km2, dos que 648 son persoas maiores de 65 anos o que supón o 45% da súa poboación.

A alta porcentaxe de persoas maiores, a dispersión xeográfica, o descenso da natalidade e o aumento de persoas xoves que abandona o concello na procura de maiores oportunidades de emprego, son factores que evidencian a necesidade de poñer en marcha por parte do concello dun programa dirixido a promover a participación activa, loitar contra a soidade non desexada e eliminar os estereotipos existentes en relación ás persoas maiores residentes no Concello de Riós, a través da realización de actividades socioeducativas e de ocio.

O envellecemento comporta un aumento da vulnerabilidade física, psicolóxica e social das persoas, o que xera maior risco de chegar a situacións de dependencia, de perdas de apoio social e consecuentemente de exclusión, sendo máis acusado en zonas rurais con gran dispersión xeográfica e despoboación.

O proceso de envellecemento non é lineal e inmutable senón que é susceptible de atrasarse como consecuencia de actuacións orientadas a mellorar a esperanza de vida saudable nas persoas maiores, aumentando deste xeito a súa calidade de vida e previndo a aparición de deficiencias asociadas á idade.

En relación ás razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4,c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións





de Galicia, radica na particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve este programa que é o Concello de Riós. Tendo en conta as características da poboación, con este programa preténdese fomentar a vida activa e saudable na procura dun envellecemento activo, previr a dependencia das persoas maiores e mellorar a súa autonomía e calidade de vida.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

